

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 11 DE**

### **ABRIL DE 2012**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día once de abril de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro presentada por don Alfredo Rodríguez Abella e da proposta de Alcaldía coa designación da persoa á cal corresponde cubrir a vacante**

De orde do Sr. alcalde dáse lectura pola secretaria da Corporación ao escrito presentado por don Alfredo Rodríguez Abella o 30 de marzo de 2012, polo que renuncia á súa acta de concelleiro do Concello de Cambre, así como á proposta de Alcaldía de data 4 de abril de 2012.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta o máis profundo respecto do seu grupo municipal á decisión do compañeiro do BNG, sobre todo nun momento no que o verbo dimitir parece que está ausente da gramática de moitos políticos.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión amosaron a súa conformidade á proposta, e, para tal efecto:

Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre, presentada por don Alfredo Rodríguez Abella, do BNG, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 4286 o 30 de marzo de 2012.

Segundo: De conformidade co establecido no alínea 1 da Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, remitir certificación á Xunta Electoral Central.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 182.1. da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e alíneas 1 e 3 da Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, respecto da substitución de cargos representativos locais, sinalar á Xunta Electoral Central que o candidato da lista a prol de quen corresponde expedir a credencial acreditativa da condición de electo, atendendo á súa orde de colocación, é don Daniel Carballada Rodríguez.

## **2º Informes da Alcaldía**

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que se trata de dar traslado aos señores concelleiros dun informe que realizou a empresa encargada do mantemento de zonas verdes do concello, a petición do concelleiro de Obras e Servizos, para substituír unha serie de especies arbóreas no polígono industrial do Espírito Santo que están a causar bastantes problemas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que se trata dun tema que xa teñen comentado anteriormente, en varias ocasións. Entre as árbores que están plantadas no polígono de Espírito Santo, unha grande parte delas son as chamadas plataneiros que están a crear problemas, e non só alí, senón tamén na estrada Cambre-Temple, á altura da Barcala. Á parte de nas beirarrúas están creando problemas na rede de saneamento, e por iso se encargou o informe.

Tiña o compromiso de entregarlles unha copia a cada grupo, tal e como se fixo na xunta de voceiros que acaban de celebrar. Terán que ver que especies das propostas no informe son as que se van poñer.

Conclúe dicindo que é importante tratar este tema porque está a xerar graves problemas, por exemplo, polo tema do saneamento pediron un orzamento para fresar todas as canalizacións do saneamento que están agora con problemas, e o orzamento da empresa Segasa foi de 150.000 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia